

## **Escolma da PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA do curso 2018/2019 do IES CASTRO ALOBRE**

### **ECONOMÍA 4º ESO**

#### **4.5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado ten como base os instrumentos de avaliación xa sinalados na táboa do apartado 4.2 e o seu peso na nota trimestral do alumno será o seguinte:

Proba escrita de todos os contidos do trimestre 70%

Cuestionarios dos contidos do trimestre 10%

Traballo na aula (resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, produción oral, individual ou por grupo, e textos escritos) 20%

Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior.

Ao final do terceiro trimestre realizarase unha **proba escrita final** que incluírá todos os contidos da materia repartidos por trimestres. Para ter superada a materia en xuño é necesario superar as partes trimestrais e a cualificación final será a media aritmética desas partes.

O alumnado que non aprobe no mes de xuño, posto que non acadou o grao mínimo de consecución para superar a materia, terá que superar no mes de setembro unha proba escrita que tratará os contidos impartidos ao longo de todo o curso. Nesta convocatoria extraordinaria a proba escrita pesará o 100% na cualificación final.

#### **4.6.- Medidas de atención á diversidade**

Durante a explicación dos estándares de aprendizaxe que poidan ter máis complexidade para o alumnado con dificultades, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, proporanse exercicios de dificultade variable en función das propias necesidades do alumnado, así como actividades de ampliación e reforzo.

O alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais poderá recuperar na proba escrita de recuperación que se fará despois de cada trimestre. Ao final da terceira avaliación farase unha recuperación global de todo o curso na que o alumnado poderá presentarse ás avaliacións que aínda teña suspensas. Asimesmo, o alumnado que queira en xuño mellorar a nota media acadada poderán subir nota presentándose a ese mesmo exame final da materia, modificándose a súa cualificación anterior.

O alumnado que non aprobe no mes de xuño, posto que non acadou o grao mínimo de consecución para superar a materia, terá que superar no mes de setembro unha proba escrita que tratará os contidos impartidos ao longo de todo o curso.

Seguiranse as pautas do Departamento de Orientación do centro para a toma doutras medidas específicas ante problemáticas concretas e acreditadas polas institucións ou especialistas pertinentes, como Adaptacións curriculares ou aplicacións de protocolos en caso de alumnos con TDAH.

## **ECONOMÍA 1º BACHARELATO**

### **2.5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

A avaliación efectuarase ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase unha **avaliación inicial** para ter en conta os coñecementos previos do alumno e facer un seguimento ao longo de todo o curso.

Ao finalizar cada trimestre realizarase polo menos unha proba escrita. Tamén, poderán realizarse outras probos periódicas (controis por escrito, traballos individuais ou en grupo, debates, problemas e cuestións plantexadas polo profesor, traballos a través da aula virtual) que terán tamén carácter obligatorio para todo o alumnado, pero cun peso inferior na cualificación trimestral. Por suposto, tamén se terá en conta o interese amosado (atención e participación na clase, traer o material, facer as tarefas, etc...) pola asignatura e as actividades realizadas (na aula, na casa e a través da aula virtual do instituto).

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado ten como base os instrumentos de avaliación xa sinalados na táboa do apartado 2.2 e o seu peso na nota trimestral do alumno será o seguinte:

Probas escritas de todos os contidos do trimestre 80%

Traballos na casa do trimestre 10%

Traballo na aula (resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, produción oral, individual ou por grupo, e textos escritos) 10%

Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior.

A cualificación final dos alumnos será, a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando todas estas foran superadas.

Para a valoración das probas escritas procederase do seguinte xeito:

Con carácter xeral, como mínimo, faranse dúas probas escritas, a primeira abarcará os temas impartidos dende o comezo da avaliación ata a data do exame, e a

segunda abarcará a outra metade da avaliación. A nota media das probas escritas será a media ponderada de ambas probas en proporción aos temas traballados en cada proba.

## **Cualificación**

Cada alumno será cualificado ao rematar cada trimestre atendendo aos criterios e instrumentos antes sinalados cunha nota numérica de 0 a 10, sen decimais. Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior. A nota final da avaliación ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións.

O alumnado que non aprobe unha avaliación ou trimestre, terá ocasión de recuperala nun exame que se realizará durante o trimestre seguinte. No mes de xuño realizarase, ademais, unha proba escrita final á que se poderá presentar o alumnado que aínda teña suspensa algunha das avaliacións trimestrais.

Para ter aprobada a materia por completo en xuño é necesario ter superadas as tres avaliacións trimestrais. O alumnado que non aprobe a materia no mes de xuño, posto que non se acadaron os obxectivos mínimos establecidos, terá que superar no mes de setembro unha proba escrita que versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso.

### **2.6.- Medidas de atención á diversidade**

Ao explicar en clase os estándares de aprendizaxe que poidan ter máis complexidade para o alumnado con dificultades, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, propóranse exercicios de dificultade variable en función das propias necesidades do alumnado, así como actividades de ampliación e reforzo.

O alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais poderá recuperar na proba escrita de recuperación do primeiro trimestre, tamén no segundo e no exame final do mes de xuño, para calquera que chegado ese momento teña algunha parte trimestral sen acadar o mínimo de 5. Asimesmo, o alumnado que queira na convocatoria ordinaria mellorar a media acadada poderán presentarse para subir nota nese mesmo exame final da materia, modificándose a súa cualificación anterior.

Seguiranse as pautas do Departamento de Orientación do centro para a toma doutras medidas específicas ante problemáticas concretas e acreditadas polas institucións ou especialistas pertinentes, como aplicacións de protocolos en caso de alumnos con TDA e TDAH.

### **2.8.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente**

Os alumnado que teña a materia de Economía de 1º de Bacharelato pendente, terá que contestar unha serie de cuestionarios tipo test e facer unha serie de actividades de todos os contidos da materia organizados por trimestres e tamén terán que superar dúas probas escritas. Na primeira proba examinaranse da primeira metade da materia e na segunda do resto. En caso de non superar as probas escritas ou non chegar ao 5 de nota final entre as probas (80%) e as actividades (20%) o alumnado poderá presentarse a unha proba final de toda a materia que se celebrará a finais de abril ou primeiros de maio. En caso de suspender esta segunda oportunidade o alumnado deberá presentarse en setembro.

O procedemento a seguir para a cualificación deste alumnado será:

20% nota media dos cuestionarios e actividades.

80% nota da proba escrita global.

## **ECONOMÍA 2º BACHARELATO**

### **3.5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

A avaliación efectuarase ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase unha **avaliación inicial** para ter en conta os coñecementos previos do alumno e facer un seguimento ao longo de todo o curso.

Ao finalizar cada trimestre realizarase polo menos unha proba escrita. Tamén, poderán realizarse outras probas periódicas (controis por escrito, traballos individuais ou en grupo, debates, problemas e cuestións plantexadas polo profesor, traballos a través da aula virtual) que terán tamén carácter obligatorio para todo o alumnado, pero cun peso inferior na cualificación trimestral. Por suposto, tamén se terá en conta o interese amosado (atención e participación na clase, traer o material, facer as tarefas, etc...) pola asignatura e as actividades realizadas (na aula, na casa e a través da aula virtual do instituto).

O procedemento a seguir para a cualificación do alumnado ten como base os instrumentos de avaliación xa sinalados na táboa do apartado 2.2 e o seu peso na nota trimestral do alumno será o seguinte:

Probas escritas de todos os contidos do trimestre 90%

Traballo na aula (resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, produción oral, individual ou por grupo, e textos escritos) 10%

Considérase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior.

A cualificación final dos alumnos será, a media aritmética das catro probas que no seguinte parágrafo desenvolvemos, sempre e cando todas estas foran superadas.

Para a valoración das probas escritas procederase do seguinte xeito:

O curso dividirase en dúas partes: de setembro a decembro e de xaneiro a maio. En cada parte faremos dous exames ao menos, e dixer catro exames no curso que servirán para obter a nota media. En cada parte incluírase a teoría impartida no tempo que vai dende a derradeira proba e non se incluíse nela e esta. Pola contra, a práctica entrará toda a vista ao longo do curso ata a data da proba. Fárase ao menos unha recuperación de cada proba. Ademais ao final de cada parte, coa teoría dela e toda a práctica, faremos unha simulación da ABAU, que servirá como outra recuperación ou un instrumento para mellorar a media do alumno, sempre que obteña unha mellor nota.

### **Cualificación**

Respecto de **Economía da empresa de segundo**, debido a desigualdade temporal das avaliacións, decídese, que **na primeira avaliación**, fagamos dúas probas teórica-prácticas, máis un examen de avaliación. A proba escrita contará con sete preguntas teóricas e tres puntos de práctica (90% da nota de cada avaliación, polo tanto hai que facer a correspondente regra de tres). O 10% restante da nota a formarán os exercicios resoltos en clase, cos apuntes diante, nas datas acordadas con eles, de boletíns que se lle vaia presentando. A nota da primeira avaliación que comprende aproximadamente 60 sesións, será media das dúas probas, a volta de decembro, farase unha simulación de ABAU con todo o contido da avaliación, e para a media final utilizarase a mellor das notas, ademais de utilizar esta proba, como un instrumento para recuperar a primeira avaliación.

### **3.6.- Medidas de atención á diversidade**

Ao explicar en clase os estándares de aprendizaxe que poidan ter máis complexidade para o alumnado con dificultades, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas de resolución e interpretación de problemas, propóranse exercicios de dificultade variable en función das propias necesidades do alumnado, así como actividades de ampliación e reforzo.

O alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais poderá recuperar na proba escrita de recuperación do primeiro trimestre, tamén no segundo e no exame final do mes de maio, para calquera que chegado ese momento teña algunha parte trimestral sen acadar o mínimo de 5. Asimesmo, o alumnado que queira na convocatoria ordinaria mellorar a media acadada poderán presentarse para subir nota nese mesmo exame final da materia, modificándose a súa cualificación anterior.

Seguiranse as pautas do Departamento de Orientación do centro para a toma doutras medidas específicas ante problemáticas concretas e acreditadas polas institucións ou especialistas pertinentes, como aplicacións de protocolos en caso de alumnos con TDAH.

**ANEXO NOVO: MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO REPETIDOR**

1. Control exhaustivo do profesor na clase: atención, traballo, caderno... intentando comprender os motivos do progreso ou dificultades que pode ter o alumno ou alumna que se comunicarán a familia e ao discente.
2. Intensificar a comunicación entre o profesor ou profesora do departamento coa titora e co o departamento de orientación en busca de solucións.
3. Elaboración de material de reforzo en función do interés do alumno, avaliable e que compense sempre a parte dos traballos de clase, nunca con efecto negativo respecto dos traballos dos demais compañeiros e compañeiras.